

BANDO

BENESTAR EN BALNEARIOS

Informase aos veciños e veciñas que a Consellería de Traballo e Benestar ven de abrir o prazo de solicitude para o Programa "Benestar en Balnearios" 2014.

Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser maior de 65 anos, ou pensionista maior de 60
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase activa, nin trastornos mentais condutuais non compensados, que poidan alterar a normal convivencia
- Precisar os tratamentos balneoterápicos solicitados

Datas:

Quendas de 10 días (9 noites) entre os meses de xuño e outubro

Prezos:

Réxime de "Todo Incluído", entre 316,64€ e 398,61€

Balnearios:

Acuña, Arnoia, Augas Santas (Pantón), Baños de Brea (Vila de Cruces), Baños de Molgas, Caldelas de Tui, Carballo, Carballiño, Cuntis, Laias (Cenlle), Lobios, Río Pambre (Palas de Rei) e Termas Romanas (Lugo).

Documentación:

- Solicitude, na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto do solicitante como do cónxuxe ou acompañante cando proceda.
- Fotocopia do DNI do solicitante e do cónxuxe ou acompañante se procede
- Declaración responsable do estado de saúde do solicitante e a do cónxuxe ou acompañante se procede, no apartado incluído na solicitude.

No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo destino e quenda, presentarán unha única solicitude, para a súa baremación conxunta.

Prazo de Solicitude:

Ata o 9 de maio

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, martes e venres de 9 a 13:30 horas**.

Pontecesures, 15 de abril de 2014

O ALCALDE,

Manuel Luis Álvarez Angueira

